

ANEXO VIII

Artigo 51º.-Licenzas por asuntos propios: medidas para a redución do absentismo laboral

Índice de absentismo individual nos últimos doce meses			Días LAP 12 meses		
			Días LAP 1º	Días LAP 2º	Días LAP 3º
			Licenzas asuntos propios 12 meses	2%<ALE<=2,5%	ALE<=2%
0,00%	=ALI		2	1	2
0,00%	<ALI<=	0,45%	1	0	1
Índice de absentismo individual nos últimos vinte e catro meses			Días LAP 24 meses		
			Días LAP 1º	Días LAP 2º	Días LAP 3º
			Licenzas asuntos propios 24 meses	2%<ALE<=2,5%	ALE<=2%
0,00%	=ALI		4	1	3
0,00%	<ALI<=	0,45%		0	1
0,45%	<ALI<=	0,90%	2	1	2
0,90%	<ALI<=	1,50%		0	0

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

Resolución do 21 de decembro de 2007 pola que se convoca e regula a concesión de subvencións ás entidades locais para a realización de actividades relacionadas coas oficinas de información aos consumidores para o ano 2008.

Dentro do marco establecido polo artigo 51 da Constitución española de 1978, as entidades locais, no ámbito da súa competencia, veñen realizando actividades de utilidade pública en materia de defensa dos consumidores e usuarios tales como as de informar, formar, asesorar, atender e tramitar reclamacións e realizar mediacións en materia de consumo.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 30.1º, parágrafo 4, outórgalle á Comunidade Autónoma de Galicia, competencias exclusivas en materia de consumo.

A Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, configura as organizacións municipais de información ao consumidor como instrumentos para a defensa dos seus intereses.

O artigo 24 do Estatuto galego do consumidor e usuario establece que, co fin de facilitarlles aos consumidores e usuarios a información precisa para o axeitado exercicio dos seus dereitos, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá, fomentará e, se é o caso, habilitará ou apoiará a creación de oficinas e servizos de información ao consumidor e usuario, xa sexan de titularidade pública, xa dependan dunha organización ou asociación de consumidores.

Sobre a base do disposto no Estatuto galego do consumidor e usuario, o artigo 4 do Decreto 185/1994, do 16 de xuño, sobre a utilización do idioma galego nos produtos e información ao consumidor e usuario en Galicia, prevé que tanto os concellos como as organizacións de consumidores se poderán acoller, dentro

das condicións que regulamentariamente se determinen, ás axudas e subvencións que convoquen a Administración autonómica para a creación ou mantemento das oficinas ou servizos de información ao consumidor ou usuario.

Por outra banda, as políticas desenvolvidas polas institucións comunitarias e a súa transposición no dereito transnacional veñen conceptuando a política de defensa das persoas consumidoras como un elemento esencial da mellora do nivel de vida da cidadanía europea.

Para dar cumprimento ao anteriormente indicado, cómpre destinar axudas ás oficinas municipais de información aos consumidores e usuarios para financiar os gastos derivados do funcionamento destas. Por outra banda, búscase potenciar, igual que se fixo o ano anterior e tendo en conta a positiva experiencia que supuxo, a apertura de novas oficinas municipais de información aos consumidores co fin de conseguir unha protección eficaz dos cidadáns e cidadás en materia de consumo en todo o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta que a Administración local é a máis achegada á poboación.

Por todo o anterior,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases, que se inclúen como anexo I, polas que se rexerá a concesión de subvencións do Instituto Galego de Consumo (IGC) ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia que realicen actuacións en defensa dos consumidores e usuarios a través dunha oficina municipal de información ao consumidor (en adiante OMIC) aberta ao público. A subvención recollerá os gastos orixinados desde o 1 de xaneiro do ano 2008 ou desde a data de inicio da actividade para as OMIC de nova creación.

2. Así mesmo, por medio desta resolución, convócanse as devanditas subvencións para o ano 2008.

Artigo 2º.-Solicitudes.

Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 4º das bases reguladoras.

Artigo 3º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. As solicitudes para as subvencións previstas nesta resolución dirixiranse ao presidente do Instituto Galego de Consumo e pode presentarse nos servizos provinciais ou centrais do Instituto Galego de Consumo, sendo en todo caso de aplicación o disposto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa actual redacción. Inclúense os rexistros dos concellos que teñan subscrito convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicado de rexistro coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O prazo para a presentación das solicitudes, segundo o modelo que se insire como anexo II, será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. O prazo entenderase que vence o día cuxo ordinal coincida co día que serviu de partida, que é o de publicación no DOG.

Artigo 4º.-Prazo de duración do procedemento de concesión.

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a seis meses. O prazo empezará a computar a partir da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Artigo 5º.-Información aos interesados.

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN108A, poderase obter información adicional no Instituto Galego de Consumo, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web oficial do Instituto Galego de Consumo.
- b) Os teléfonos 981 54 55 45 e 981 54 54 16 do Instituto Galego de Consumo.
- c) O enderezo electrónico cooperacion.igc@xunta.es
- d) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono

de información xeral da Consellería de Innovación e Industria, que é o 981 54 43 41.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.

Facúltase a Presidencia do Instituto Galego de Consumo para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do disposto nesta resolución.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2007.

Emilio Nogueira Moure
Presidente do Instituto Galego de Consumo

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das subvencións ás entidades locais para a realización de actividades relacionadas coas oficinas de información aos consumidores para o ano 2008.

Artigo 1º.-Obxecto e réxime da subvención.

1. As subvencións reguladas nestas bases teñen por obxecto o fomento das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia que realicen actuacións en defensa dos consumidores e usuarios a través dunha oficina municipal de información ao consumidor (OMIC) aberta ao público.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrência competitiva e quedará suxeito ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no resto da normativa que lle sexa aplicable en materia de subvencións.

3. En concreto, considéranse actuacións subvencionables os gastos xerados polo funcionamento das oficinas de información ao consumidor. Dentro deste concepto atenderase a:

a) Aluguer, sempre e cando a OMIC estea fóra das dependencias municipais, e que respectará sempre os criterios de accesibilidade.

b) Gastos do persoal contratado con cualificación abunda na materia de consumo para prestar o servizo de atención ao consumidor.

c) Edición e publicación de material divulgativo adaptado a distintos soportes (sistema braille, lingua de signos, etc.) de xeito que sexa accesible aos colectivos de persoas con discapacidade e cuxo obxecto sexa informar a estes sobre o funcionamento da OMIC e sobre os servizos que nela se lles prestan (información e asesoramento, recepción e xestión das súas reclamacións, actos de mediación entre as partes implicadas na relación de consumo...).

Todos estes gastos teñen que ser realizados e efectivamente pagados desde o 1 de xaneiro de 2008, ou a data de inicio da actividade para as OMIC de nova apertura, ata a data límite de xustificación establecida no artigo 16º destas bases.

Artigo 2º.-*Financiamento e concorrencia.*

1. A contía total máxima asignada a esta convocatoria é de 238.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 10.80.613B.460.0 do proxecto de orzamentos do Instituto Galego de Consumo para o ano 2008, quedando sometida esta resolución á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no proxecto dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma aprobado polo Consello da Xunta para o ano 2008 consonte co que se indica no artigo 1.1º da Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto.

Todo isto sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios de valoración previstos nesta resolución.

2. A contía das axudas concedidas, consonte cos criterios obxectivos establecidos nesta resolución e coas dispoñibilidades orzamentarias existentes, poderá acadar ata o 100% do orzamento de gastos para atender a OMIC presentado pola entidade local coa súa solicitude.

3. O importe das axudas e subvencións reguladas nesta resolución en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas e subvencións, supere o importe que solicitou a entidade local.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán acollerse a estas subvencións os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que teñan unha poboación de feito de entre 5.000 e 75.000 habitantes segundo os datos que constan no último censo dispoñible.

2. Para que as entidades locais poidan beneficiarse das subvencións convocadas e reguladas ao abeiro desta resolución deberán cumprir, ademais das obrigas derivadas do Decreto 185/1994, do 16 de xuño, as seguintes condicións:

a) Dispor de oficina municipal de atención ao consumidor aberta ao público como mínimo 3 horas diarias, de luns a venres, en horario de oficina e convenientemente sinalizada e localizada.

No caso de non dispor da devandita oficina no momento de presentar a solicitude, deberán comprometerse a abríla ao longo do ano 2008, que deberá atoparse necesariamente en funcionamento no prazo de 30 días desde a notificación da concesión da axuda, considerándose así unha OMIC de nova creación. A xustificación do cumprimento deste requisito reali-

zarase mediante certificado do/a secretario/a da entidade local, no cal conste tal circunstancia.

Non se considerarán OMIC de nova creación, para os efectos do disposto nesta resolución, as daqueles concellos que, tendo solicitada e concedida subvención co fin de financiar a súa actividade nos dous anos anteriores a esta convocatoria, incumprisen o compromiso de apertura e funcionamento da OMIC.

b) Dispor como mínimo dunha persoa contratada con cualificación abonda na materia de consumo para realizar as tarefas de atención ao consumidor.

No caso das OMIC de nova creación, se non dispoñen deste persoal no momento de presentación da solicitude da axuda, debe dispoñerse deste persoal e acreditar o cumprimento do requisito no prazo de 30 días desde a notificación da concesión da axuda mediante certificado do/a secretario/a da entidade local, no cal conste tal circunstancia.

c) Facilitarlle ao público información e asesoramento sobre os seus dereitos como consumidores e a forma de exercelos.

d) Atender as consultas, reclamacións e queixas dos consumidores e usuarios, colaborando para tal fin co Instituto Galego de Consumo.

e) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas nos números 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-*Solicitude e documentación.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indica na convocatoria.

2. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Certificación do acordo do órgano competente pola que se acolle á axuda, coa expresión da cantidade exacta solicitada onde figuren os gastos susceptibles de financiamento debidamente desagregados (anexo III).

b) Certificación do/a secretario/a da entidade local en que se faga constar que dispón dunha oficina municipal de información ao consumidor aberta ao público ou, se é o caso, compromiso de apertura desta ao longo do ano 2008, que deberá atoparse necesariamente en funcionamento no prazo de 30 días desde a notificación da concesión da axuda, de conformidade co que se dispón no anexo IV.

c) Certificación do/a secretario/a do concello en que se faga constar o horario en que a oficina permanece aberta ao público para atender os consumidores e usuarios, a súa localización e os metros cadrados de espazo físico dedicado a esta, tal e como se indica no anexo IV a esta resolución.

d) Certificación da poboación do concello segundo o último censo dispoñible.

e) Documentación relativa ao ano 2007, esta documentación non será exixible para o caso de OMIC que se cren ao longo do ano 2008:

-Relación e obxecto das consultas, queixas e reclamacións que se presentasen ante a OMIC de acordo co modelo que se insire como anexo V, en que se recolle o conxunto mínimo básico de datos que deben ser achegados polo concello ao Instituto Galego de Consumo. Todas as consultas, queixas e reclamacións que reciba a oficina de información ao consumidor rexistraranse e tramitaranse a través da aplicación informática que indique o Instituto Galego de Consumo.

-Certificación do órgano competente en que se faga constar o orzamento total do concello e o dedicado á OMIC durante o ano anterior (anexo VI).

-Campañas informativas, publicacións e xornadas desenvolvidas ao longo do ano 2007, así como a memoria das actividades realizadas.

f) Programa de actividades e orzamento de gastos detallado para o ano 2008, neste punto deberase, polo menos, xuntar acompañando o anexo III desta resolución:

-Certificación do/a secretario/a do concello onde se indiquen os medios persoais de que dispón a OMIC, con expresión concreta sobre o vínculo contractual co concello, tipo de persoal, dedicación exclusiva ou non, duración do contrato e número de horas dedicadas diariamente á oficina. De ser o caso, titulacións, cursos e seminarios que acrediten a formación específica en materia de consumo do persoal que presta servizos na OMIC.

-O calendario de actuacións, campañas e programas previstos, presentando o orzamento detallado destas actuacións, especificando de xeito detallado o custo da edición e publicación do material divulgativo que pode ser financiado consonte co que se dispón nesta resolución e para o que se solicita a subvención.

-Outras circunstancias relevantes.

g) Certificado do/a secretario/a do concello do conxunto de todas as solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, obxecto desta convocatoria, por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais de acordo co que se establece no anexo VII.

h) Declaración responsable, conforme o modelo inserido como anexo VIII, de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

Igualmente, os interesados non terán que achegar documentos que xa estivesen en poder da administración actuante sempre que fagan constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados estes

documentos consonte co que se dispón no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, o Instituto Galego de Consumo publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas salvidades previstas nas leis.

Artigo 6º.-*Órganos competentes.*

O órgano competente para a instrución dos expedientes de axudas a que fai referencia esta resolución será o Servizo de Información, Cooperación e Fomento do Instituto Galego de Consumo, e correspóndelle ao presidente do Instituto Galego de Consumo ditar a resolución da concesión.

Artigo 7º.-*Instrución dos procedementos.*

1. Conforme o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se a solicitude de axuda non reúne os requisitos exixidos nesta lei e nesta resolución, o interesado será requirido para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do devandito requirimento, rectifique a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se non o fixese, procederase conforme o que determina o artigo 42.1º da citada lei.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e a resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 8º.-*Comisión de valoración.*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados nesta resolución, así como

de propoñer a concesión ou denegación da subvención aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) A xerente do Instituto Galego de Consumo, que a preside.

b) O/a xefe/a de servizo de Asuntos Xerais, que actuará como secretario/a.

c) O/a xefe/a do Servizo de Información, Cooperación e Fomento, o/a xefe/a do Servizo de Protección ao Consumidor e o/a xefe/a de Servizo de Seguridade de Produtos, que actuarán como vogais.

A citada comisión quedará validamente constituída sempre que asistan a ela o seu presidente, ou persoa en que delegue, un vogal e o secretario. Os acordos serán adoptados por unanimidade.

3. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención e especificarase a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos nesta resolución. Así mesmo, indicarse o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

4. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidas ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 9º.-*Criterios de valoración.*

As actuacións que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención serán os seguintes:

a) O tempo efectivo dedicado á atención ao público por cada OMIC, tendo en conta o número de horas diarias que permanece aberta ao público: ata un máximo de 45 puntos.

b) Criterios poboacionais, para o cal se terán en conta os datos que constan no último censo dispoñible: ata un máximo de 45 puntos.

c) Consonte co que se dispón no artigo 20.2º letra l) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, valorarase ata un máximo de 10 puntos o compromiso de emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita axuda. Este compromiso acreditarase mediante a presentación, debidamente asinada, do modelo que se insire como anexo X a esta resolución.

Artigo 10º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poráselles

de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 11º.-*Resolución e notificación.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, a comisión de valoración formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instructor, ao presidente do Instituto Galego de Consumo.

2. O presidente do Instituto Galego de Consumo, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía, ou, se é o caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario, ou, se é o caso, a porcentaxe máxima de investimento subvencionable legalmente establecida.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo empezará a computar a partir da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Instituto Galego de Consumo. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

Artigo 12º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta resolución esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou ou debeu ditalas no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo correspondente á circunscrición do órgano que ditou ou debeu ditar a resolución, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro que coiden procedente.

Artigo 13º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario. Os requisitos que deberán cumprirse son os seguintes:

a) Que a actividade, conduta ou modificación estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda.

3. O acto polo que se acorde a modificación da resolución ou, se é o caso se denegue, será ditado polo órgano concedente, logo de instrución do correspondente expediente en que se dará audiencia aos interesados nos termos previstos no artigo 10º.

Artigo 14º.-*Aceptación e renuncia.*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos dez días desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se xunta como anexo XI, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o presidente ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º desa lei.

Artigo 15º.-*Obrigas do beneficiario.*

As entidades locais beneficiarias da subvención asumirán as seguintes obrigas:

a) Destinar as axudas ao fin para o que foron concedidas.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien os mesmos conceptos que os subvencionados ao abeiro desta resolución. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.

d) Comunicarlle ao IGC, mensualmente, información sobre as consultas, reclamacións atendidas e as mediacións realizadas nas súas oficinas. Todas as consultas e reclamacións rexistraranse e tramitaranse a través da aplicación informática que indique o Instituto Galego de Consumo e a información aquí indicada será transmitida a través da dita aplicación.

e) Poñer á disposición do IGC calquera información ou documentación que se lle solicite, especialmente a destinada a comprobar os datos facilitados polas entidades para a obtención das axudas.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Asistir o persoal ao servizo da oficina municipal de información ao consumidor ás xornadas ou actividades formativas específicas de tipo técnico que, en materia de consumo, convoque anualmente o Instituto Galego de Consumo e que vaian dirixidas á capacitación técnica do dito persoal.

i) Garantir a atención aos consumidores de xeito continuado por parte do persoal contratado con cualificación abondo en materia de consumo, así o contrato deste persoal non pode extinguirse con anterioridade ao 31 de decembro do ano para o que se conceden estas axudas.

k) Para os efectos da difusión pública os concellos beneficiarios deberán exhibir, de forma visible no lugar onde atenden os consumidores, un cartel informativo, en modelo normalizado que será facilitado polo Instituto Galego de Consumo ás OMIC de nova creación. A aquelas OMIC que xa percibiron subvención no ano 2007 e ás cales xa se lles facilitou o cartel enviaráselles un adhesivo correspondente ao ano 2008. O devandito cartel, co adhesivo correspondente ao ano 2008, deberá estar colgado no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa recep-

ción. O concello deberá remitir unha fotografía deste cartel ao Instituto Galego de Consumo, co fin de acreditar o cumprimento da dita obriga.

Artigo 16º.-*Xustificación.*

1. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación nos lugares sinalados no artigo 3º da convocatoria, tendo de prazo límite para presentala ata o 30 de outubro de 2008:

a) Certificado do/a secretario/a do concello, logo do informe do interventor ou xefe de contabilidade da corporación, co visto e praxe do/a alcalde/esa, sobre o total dos gastos efectuados (anexo IX).

b) Certificación da conta bancaria en que conste o ordinal bancario, código do banco, código da sucursal e código da conta corrente, onde deba realizarse o pagamento, expedida pola entidade bancaria.

c) Certificación do/a secretario/a do conxunto de todas as solicitudes de axudas efectuadas ou concedidas, obxecto desta convocatoria, por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais (anexo VII).

d) Relación do número de consultas e reclamacións atendidas pola OMIC no que vai deste ano 2008 de conformidade co que se dispón no modelo que se insire como anexo V.

e) Certificado do órgano competente que acredite os medios persoais de que dispón a OMIC, con expresión concreta sobre o vínculo contractual co concello, tipo de persoal, dedicación exclusiva ou non, duración do contrato e número de horas dedicadas diariamente á oficina. De ser o caso, titulacións, cursos e seminarios que acrediten a formación específica en materia de consumo do persoal que presta servizos na OMIC.

f) No caso de que fose concedida subvención para a edición e publicación de material divulgativo nos termos que se establecen na base 1ª, cómpre enviar todos os materiais producidos ao IGC, xunto coa xustificación en soporte dixital en formato PDF. No caso de haber imaxes, o formato será JPG.

2. Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada, poderase entender que renuncia á subvención. Neste caso, o presidente do Instituto Galego de Consumo ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 17º.-*Pagamento.*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes do Instituto Galego de Consumo, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. O pagamento será único e farase tras a correspondente xustificación da subvención.

Artigo 18º.-*Incumprimentos, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no capítulo II do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 19º.-*Fiscalización e control.*

1. O Instituto Galego de Consumo poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Ademais do anterior, a concesión das axudas e subvencións reguladas nesta resolución estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 20º.-*Publicidade.*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web do Instituto Galego de Consumo.

Artigo 21º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases observarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en canto non se opoña ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no resto de normativa que resulte de aplicación.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E
INDUSTRIA

ANEXO II



PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COAS OFICINAS DE INFORMACIÓN AOS CONSUMIDORES PARA O ANO 2008	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN108A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

CONCELLO		CIF	
ENDEREZO			CÓDIGO POSTAL
POBOACIÓN	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX

E, na súa representación:

APELIDOS	NOME
EN CALIDADE DE	

OBJECTO DA SOLICITUDE

Importe total solicitado para gastos de funcionamento	EUROS

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITO DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE

DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN

☐ Anexo III. Certificación do órgano competente pola que se acolle á subvención, coa expresión da cantidade exacta solicitada onde figuren os gastos susceptibles de financiamento debidamente desagregados
☐ Anexo IV. Certificación do/a secretario/a relativa aos datos da OMIC (horario de apertura, localización...)
☐ Certificación da poboación do concello segundo os datos do último censo
☐ Anexo V. Conxunto mínimo de datos que debe achegar o concello ao Instituto Galego de Consumo en relación coas consultas e reclamacións
☐ Anexo VI. Certificación do/a secretario/a relativa ao orzamento total do concello no ano 2007 e a parte dedicada aos gastos xerados pola OMIC
☐ Memoria das actividades realizadas ao longo do ano 2007
☐ Certificado acreditativo do persoal dedicado á atención da OMIC e, de ser o caso, documentación xustificativa da súa formación específica en consumo
☐ Memoria das actividades previstas para o ano 2008
☐ Anexo VII. Certificación do/a secretario/a relativa a todas as axudas solicitadas ou concedidas por outros organismos
☐ Anexo VIII. Declaración de non atoparse incurso en ningunha das circunstancias previstas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia
☐ Anexo X. Compromiso de utilización do idioma galego

<i>O abaixo asinante autoriza expresamente ao IGC, para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e autoriza ao IGC para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.</i>
LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 21 de decembro de 2007 pola que se convoca e regula a concesión de subvencións ás entidades locais para a realización de actividades relacionadas coas oficinas de información aos consumidores para o ano 2008.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		_____
		DATA DE ENTRADA ____/____/____
		DATA DE EFECTOS ____/____/____
REVISADO E CONFORME		DATA DE SAÍDA ____/____/____

Presidente do Instituto Galego de Consumo

ANEXO III

CONCELLO: _____

Don/Dona _____ secretario/a do concello citado

CERTIFICO que o/a _____, na sesión que tivo lugar o día _____ de _____ de _____, acordou acollerse ao sistema de axudas regulado pola Resolución de 2008, da Presidencia do Instituto Galego de Consumo, e ao mesmo tempo aprobou a previsión de gastos que se relaciona a seguir:

GASTOS DE FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO	ORZAMENTO TOTAL (Euros)	ACHEGA DO CONCELLO (Euros)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (Euros)
Aluguer (sempre e cando a OMIC estea situada fóra das dependencias municipais)	_____	_____	_____
Gastos do persoal contratado con cualificación abonda na materia de consumo para prestar o servizo de atención ao consumidor	_____	_____	_____
Edición e publicación de material divulgativo nos termos do artigo 1 das bases que acompañan esta resolución.	_____	_____	_____
TOTAIS	_____	_____	_____

_____, de _____ de _____

Sinatura do/a secretario/a

Visto e prace
O/A alcalde/alcaldesa
(Selo da corporación)

ANEXO IV

Don/Dona _____

secretario/a do Concello de _____

CERTIFICO: (marcar cun x a opción que proceda)

☐ Que o concello dispón dunha oficina municipal de información ao consumidor aberta ao público

☐ Que o concello se compromete á apertura dunha oficina municipal de información ao consumidor ao longo do ano 2008 e debe atoparse necesariamente en funcionamento no prazo de 30 días desde a notificación da concesión da axuda

Que os datos referentes á oficina municipal de información ao consumidor son os seguintes:

HORARIO: _____

ENDEREZO: _____

SUPERFICIE ÚTIL (metros cadrados): _____

ACCESIBILIDADE PARA DISCAPACITADOS: (marcar cun x a opción que proceda) ☐ SI ☐ NON

E para que así conste, para os efectos oportunos, asínoa co visto e prace do/a alcalde/alcaldesa.

_____, de _____ de _____

Visto e prace
O/A alcalde/alcaldesa

O/A secretario/a

ANEXO V

CONXUNTO MÍNIMO BÁSICO DE DATOS PARA ACHEGAR O CONCELLO AO INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

ENTIDADE LOCAL	_____	ANO	_____
ENDEREZO	_____	RESPONSABLE DA OMIC	_____
CORREO ELECTRÓNICO	_____	TELÉFONO	_____
		FAX	_____

	CONSULTAS		RECLAMACIÓNS	
	Nº	%	Nº	%
Recibidas/atendidas por carta ou fax	_____	_____	_____	_____
Recibidas/atendidas por teléfono	_____	_____	_____	_____
Atendidas presencialmente	_____	_____	_____	_____
Resoltas polo concello empregando a mediación	_____	_____	_____	_____
Remitidas ao IGC	_____	_____	_____	_____
Remitidas a outros organismos competentes	_____	_____	_____	_____
TOTAL	_____	_____	_____	_____

Nº de solicitudes da Intervención da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia: _____

ANÁLISE POR SECTORES DA ACTIVIDADE DA OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN AO CONSUMIDOR

SECTORES	CONSULTAS	RECLAMACIÓNS	SOLICITUDE DE ARBITRAXE	RESOLTAS POR MEDIACIÓN	ENVÍO AO ORGANISMO COMPETENTE
Gas					
Auga					
Electricidade					
SAT electrodomésticos					
Telefonía fixa					
Telefonía móbil					
Internet					
Servizos postais					
S E R V I Z O S	Transporte aéreo				
	Transporte terrestre				
	Transporte ferrocarril				
	Transporte barco				
	Comercio electrónico				
	Venda a distancia				
	Banca/servizos financeiros				
	Axencias de viaxe				
	Tinturarias				
	Academias de ensino				
	Seguros				
	Reparacións automóviles				
	Aluguer automóviles				
	Gasolineiras				
	Servizos a domicilio				
	Servizos profesionais				
	Servizos de intermediación inmobiliaria				
	Aluguer de vivenda				
	Outros				
TOTAL SERVIZOS					
P R O D U T O S	Alimentación				
	Roupa				
	Calzado e complementos				
	Compra electrodomésticos				
	Compravenda vivenda				
	Compravenda de automóviles				
	Produtos informáticos				
	Teléfonos móbiles				
	Mobles				
	Xoias				
	Xoguetes e artigos infantís				
	Animais				
	Material eléctrico				
	Outros				
TOTAL PRODUTOS					
TOTAL SERVIZOS + PRODUTOS					

ANEXO VI

Don/Dona

secretario/a do Concello de

CERTIFICO:

Que o orzamento da entidade local no ano 2007 foi de euros.

Que o orzamento da entidade local no ano 2007 dedicado a atender os gastos da oficina municipal de información ao consumidor foi de euros.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asínoa co visto e prace do/da alcalde/alcaldesa.

, de de

Visto e prace

O/A alcalde/alcaldesa

O/A secretario/a

ANEXO VII

Don/Dona

secretario/a do Concello de

CERTIFICO:

☐

 Que este concello non solicitou doutros organismos axudas coa mesma finalidade

☐

 Que este concello non obtivo doutros organismos ningunha axuda coa mesma finalidade

No caso de solicitar ou obter algunha axuda coa mesma finalidade doutros organismos, indicalo no seguinte cadro:

ACTIVIDADE PARA SUBVENCIONAR	ORGANISMO	ORZAMENTO	AXUDA SOLICITADA	AXUDA OBTIDA
TOTAIS				

, de de

O/A secretario/a

Visto e prace

O/A alcalde/alcaldesa

ANEXO VIII

Don/Dona

secretario/a do Concello de

provincia de

CERTIFICO:

Que o concello citado non está incurso en ningunha das circunstancias previstas nos números 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido esta certificación, que visa o/a alcalde/alcaldesa deste concello.

, de de

O/A secretario/a

Visto e prace

O/A alcalde/alcaldesa

ANEXO IX

CONCELLO:			
Don/Dona	secretario/a do concello citado		

CERTIFICO que os gastos realizados durante o ano 2008 para actividades relacionadas coas oficinas de información aos consumidores son os que se relacionan a seguir:

<i>GASTOS DE FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO</i>	<i>INVERTEMENTO TOTAL (Euros)</i>	<i>ACHEGA DO CONCELLO (Euros)</i>	<i>SUBVENCIÓN CONCEDIDA (Euros)</i>
Aluguer (sempre e cando a OMIC estea situada fóra das dependencias municipais)			
Gastos do persoal contratado con cualificación abonda na materia de consumo para prestar o servizo de atención ao consumidor			
Edición e publicación de material divulgativo nos termos do artigo 1 das bases que acompañan esta resolución.			
TOTALS			

_____, de _____ de _____

Sinatura do/a secretario/a

Visto e prace
O/A alcalde/alcaldesa
(Selo da corporación)

ANEXO X

Don/Dona
secretario/a do Concello de
provincia de

CERTIFICO QUE O CONCELLO ASUME O SEGUINTE COMPROMISO

Que o concello citado empregará a lingua galega en todas as actividades para as que solicita a subvención e que se desenvolvan ao abeiro desta resolución.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido o presente compromiso co visto e prace do/da alcalde/alcaldesa,

_____, de _____ de _____

Sinatura do/a alcalde/alcaldesa

O/A secretario/a

ANEXO XI
MODELO DE RENUNCIA

Don/Dona	
secretario/a do Concello de	
provincia de	
MANIFESTA:	
Que o día recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro desta resolución, para o funcionamento da OMIC, por unha contía de euros.	
DECLARA:	
Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.	
, de de	
O/A alcalde/alcaldesa	O/A secretario/a

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 3 de decembro de 2007 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión de determinados postos de persoal directivo vacantes no Complexo Hospitalario de Ourense.

De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e en uso das atribucións conferidas a esta consellería,

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os postos de traballo que se indican no anexo I.

Segundo.-As retribucións fixas dos postos ofertados serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente. Respecto das retribucións variables serán establecidas con base no cumprimento anual de obxectivos previamente pactados para cada posto directivo cos órganos competentes do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Sanidade, no das súas delegacións provinciais ou en calquera das direccións provinciais do Sergas, ademais de nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Os interesados deberán presentar, xunto co modelo de solicitude do anexo II, un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que nel aleguen.

Cuarto.-Cumpridos os trámites previstos no dito decreto, a resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, e poderase declarar deserto o cargo directivo ofertado.

Quinto.-Consonte cos artigos 59 e 60 do citado Decreto 206/2005, a forma de provisión das prazas ofertadas será o nomeamento de carácter administrativo para o persoal estatutario ou funcionario con vínculo de fixeza ao servizo de calquera Administración pública, pertencente ao grupo de clasificación que se corresponda co nivel académico que se require para cada posto directivo e que se especifica para cada un dos postos relacionados no anexo I. No resto de supos-